

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

RESOLUCIÓN do 3 de outubro de 2024, do Departamento Territorial de Ourense, pola que declara a emerxencia cinexética temporal polos danos ocasionados polo xabaril nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, A Limia, Ourense, O Ribeiro, Terra de Caldelas, Terra de Celanova, Terra de Trives, Valdeorras, Verín e Viana.

As afeccións ocasionadas polas poboacións de xabaril veñen experimentando nos últimos anos un incremento no conxunto do territorio de Galicia, que obedece en gran medida aos cambios de uso no medio e ás características ecolóxicas da especie.

Tense constatado que a especie provoca múltiples danos na agricultura e accidentes de tráfico, e é un problema adicional a presenza cada vez máis habitual de xabaráis nas zonas periurbanas.

Así mesmo, unha elevada poboación de xabaráis favorecería o risco de dispersión de certas enfermidades, como a peste porcina africana, dificultando a súa erradicación nun momento dado, de ser necesaria.

Tanto a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, como a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, establecen as excepcións relativas ás prohibicións establecidas nesta normativa para garantir a conservación de especies autóctonas silvestres, considerando que a Comunidade Autónoma poderá autorizar a captura e/ou morte de especies silvestres en caso de efectos prexudiciais para a saúde e seguridade das persoas e para previr prexuízos importantes aos cultivos, ao gando, aos bosques, á pesca e á calidade das augas, e para protexer a flora e a fauna silvestres e os hábitats naturais, entre outros supostos, de non existir outra solución satisfactoria e sen que isto supoña causar un prexuízo ao mantemento nun estado de conservación favorable das especies ou das poboacións de que se trate, na súa área de distribución natural.

Por outra banda, o artigo 71 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, establece que poderán quedar sen efecto as prohibicións previstas no seu capítulo III, Protección das pezas de caza e autorizacións especiais, despois da autorización da dirección xeral competente en materia de caza, cando da súa aplicación deriven efectos prexudiciais para a saúde, a seguridade das persoas e as especies protexidas, así como para previr prexuízos importantes aos cultivos, ao gando, aos bosques, á propia caza, á pesca ou á calidade das augas, e para protexer a flora e fauna silvestres e os hábitats naturais.



Nesta liña, a Resolución do 27 de marzo de 2024, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a temporada 2024/2025, establece no seu artigo 13, relativo ao control de danos, que co fin de reducir os danos que se poidan producir na agricultura, na gandaría, na silvicultura, na circulación viaria e na flora e fauna silvestres, as persoas titulares dos departamentos territoriais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderán acordar medidas de control.

No marco desta problemática, téñense adoptado determinadas medidas de control de danos, co fin de minorar na medida do posible os efectos desta especie sobre os ecosistemas, as producións agrarias e o propio medio urbano.

Non obstante, a disposición adicional primeira do Decreto 284/2001, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia, prevé que cando nunha comarca exista unha determinada especie cinexética en circunstancias tales que resulte especialmente perigosa para as persoas ou prexudicial para a agricultura, a gandaría, os montes ou a propia caza, a xefatura territorial competente en materia de caza, de oficio ou por instancia de parte, e logo das consultas e comprobacións que considere oportunas, poderá declarar a dita comarca de emerxencia cinexética temporal, e determinar as épocas e medidas conducentes a eliminar o risco e reducir o tamaño das poboacións da especie en cuestión.

Nos concellos pertencentes ás comarcas relacionadas no anexo I desta resolución, ten-se detectado o incremento nos últimos exercicios e de xeito exponencial das afeccións ocasionadas por esta especie, principalmente aos cultivos, nalgúns casos concorre, así mesmo, un aumento na accidentalidade do tráfico.

A situación actual nestas comarcas é, pois, indicativa da existencia dunhas circunstancias especiais, polo que se considera prioritario adoptar medidas que permitan axilizar os mecanismos instaurados para o control desta especie cinexética, conducentes a reducir as súas densidades e poboacións.

As actuacións que se van desenvolver nas áreas de emerxencia cinexética temporal dirixiranse ao control das poboacións de xabarís que se atopan en liberdade no medio natural, que constitúen un risco real para o ecosistema, a gandaría, a agricultura e as persoas, ademais de reducir o perigo de accidentes de tráfico e os posibles riscos sanitarios, e deben establecerse a natureza e a duración das medidas conducentes a reducir o número de exemplares considerados prexudiciais e os controis que se deben exercer.

Por conseguinte, dadas as especiais circunstancias que as poboacións de xabarís están a ocasionar, considérase necesaria a adopción de medidas especiais de control conducen-

CVE-DOG: oix1c5n6-mrh2-pif7-lh81-usvs69xcawc1



tes a reducir as súas densidades e poboacións nos concellos das comarcas indicadas no anexo I desta resolución.

Tendo en conta o establecido na disposición adicional primeira do Decreto 284/2001, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar a emerxencia cinexética temporal nas comarcas sinaladas no anexo I desta resolución nas que se inclúen os tecores e zonas libres indicados no anexo II, debido ás circunstancias especiais derivadas dos danos á agricultura, ao perigo de accidentes de tráfico e previsibles riscos ambientais ocasionados polo xabaril, coa finalidade de axilizar a aplicación de medidas conducentes ao control das poboacións desta especie, a través de distintas modalidades e procedementos de captura.

Segundo. A vixencia desta declaración de emerxencia cinexética temporal estenderase desde a entrada en vigor da presente resolución ata o 23.2.2025, abrangendo o período hábil de caza establecido para o xabaril no artigo 16.2 da Resolución do 27 de marzo de 2024, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Terceiro. Durante a vixencia da declaración de emerxencia cinexética temporal, nas comarcas incluídas no anexo I poderanse adoptar as medidas que se relacionan a continuación para o control da poboación de xabaril, e permitírase abater ou capturar, sen límite de exemplares, xabarís de ambos os sexos, prioritariamente femias adultas e subadultas en todas as súas idades. Nestas zonas permitírase, así mesmo, abater crías e femias seguidas de crías, logo de autorización especial da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 13/2013, do 23 de decembro.

a) En terreos cinexéticos:

As modalidades de caza permitidas para esta especie poderán practicarse durante todos os días da semana, salvo o especificado a continuación para as zonas libres de caza, con comunicación previa ao Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, atendendo aos seguintes condicionantes:

- Nos terreos en réxime cinexético especial: as cazarías correspondentes a xornadas que non estean aprobadas no correspondente Plan anual de aproveitamento da tempada 2024/2025, deberán ser comunicadas previamente ao correspondente departamento territorial competente en materia de caza (procedemento MT720C).



• Nas zonas libres de caza as cazarías estarán suxeitas a autorización: deberán solicitarse ao correspondente departamento territorial competente en materia de caza cunha antelación mínima de dez días naturais (procedementos MT720K e MT720L). No período que abrangue ata o 5 de xaneiro de 2025, poderanse autorizar cazarías ao xabril os luns, martes, mércores e venres, sempre que non sexan festivos. Desde o 7 de xaneiro ao 23 de febreiro de 2025, ambos incluídos, poderanse autorizar cazarías os luns, martes, mércores e venres, sempre que non sexan festivos.

Na modalidade de agarda ou espera, poderán agruparse nunha soa comunicación varias xornadas e deberán indicarse expresamente por motivos de seguridade a localización aproximada, mediante coordenadas UTM, dos diversos postos fixos que poidan ocuparse.

Así mesmo, en terreos de réxime cinexético especial poderanse autorizar os propietarios dos terreos afectados a realizar, persoalmente ou mediante terceiros, agardas ou esperas, con autorización do titular do aproveitamento cinexético. Neste caso as persoas cazadoras deberán portar durante a acción de caza unha autorización do titular cinexético, que será nominativa, persoal e intransferible para cada xornada, e deberán cumprir, así mesmo e, en todo caso, os requisitos exixidos no artigo 58 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia.

Co fin de aumentar a eficacia e optimizar o aproveitamento cinexético nesta modalidade, facilitar a identificación dos exemplares e garantir a seguridade das persoas, poderase utilizar con carácter excepcional:

– Un visor con convertedor ou amplificador electrónico de luz durante a práctica da modalidade de agarda ou espera nocturna e fontes luminosas para a iluminación dos albos.

– Dispositivos electrónicos, tales como detectores ou controladores de hora de paso ou presenza, para a posterior realización de esperas nocturnas ao xabril.

– Nos cultivos con destino á colleita en que se iniciasen os danos, poderase dispor de cebadoiros de gran ou froitos co obxecto de asegurar a eficacia no momento concreto dos controis.

Nestes terreos permitírase, así mesmo, a captura en vivo de exemplares de xabril, mediante o emprego de capturadoiros, con posterior sacrificio de todos os exemplares capturados, de acordo co procedemento que estableza a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, será necesario dispoñer dunha autorización expresa.



Na solicitude deberá indicarse expresamente a súa localización mediante a achega dun plano a escala suficiente e os datos do persoal responsable da súa execución (nome, apelidos e DNI).

b) En terreos non cinexéticos:

Nos terreos non cinexéticos, para o emprego de modalidades e procedementos de captura será necesario dispoñer dunha autorización expresa.

Permitirase a captura en vivo de exemplares de xabaril, mediante o emprego de capturadoiros, con posterior sacrificio de todos os exemplares capturados, de acordo co procedemento que estableza a Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Cando a aplicación de capturadoiros non produza os resultados desexados, poderá permitirse a práctica da modalidade de agarda ou espera diúrna e nocturna, logo de solicitude do interesado, en que se indicará a localización aproximada dos postos fixos, mediante coordenadas UTM por motivos de seguridade, adoptando as medidas ou precaucións necesarias para garantir a seguridade das persoas. Será preceptiva neste caso a acreditación da existencia dos danos mediante informe do departamento territorial.

Nesta clase de terreos, as medidas ou medios de captura permitidos deberán solicitarse ao departamento territorial, con polo menos 15 días de antelación á data de realización. O prazo para resolver e notificar será dun mes e o silencio administrativo será desestimatorio.

Cuarto. Os exemplares capturados como consecuencia da aplicación das medidas adoptadas na área de emerxencia cinexética temporal deben identificarse mediante precintos e comunicarse debidamente ao Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático no prazo de 15 días naturais, segundo o seguinte procedemento:

a) En terreos de réxime cinexético especial: a comunicación das capturas realizadas en xornadas non planificadas no Plan anual de aproveitamento aprobado para a tempada 2024/2025, realizarase utilizando o procedemento MT720P, procedemento xenérico de caza, mentres que os resultados das cazarías planificadas no Plan anual de aproveitamento se comunicarán utilizando o procedemento MT720D.

b) En terreos de réxime cinexético común e terreos non cinexéticos: a comunicación das capturas poderá realizarse utilizando o procedemento MT720P, procedemento xenérico



de caza, ou ben, no caso de tratarse dun suxeito non obrigado a relacionarse electronicamente coas administracións públicas, poderá presentar os resultados en papel no rexistro do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Quinto. A presente resolución permanecerá vixente ata a finalización do período hábil de caza do xabaril para a tempada 2024/2025. Con todo, poderá quedar suspendida no seu conxunto ou en parte do ámbito de aplicación incluído no punto primeiro, logo de resolución, no momento en que se constate que desapareceron as causas que motivaron a súa declaración.

Sexto. Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ourense, 3 de outubro de 2024

M^a José Fernández Laso
Directora territorial de Ourense

ANEXO I

Listaxe de comarcas de emerxencia cinexética e concellos comprendidos

Comarca de emerxencia cinexética	Concellos
Allariz-Maceda	Allariz
	Baños de Molgas
	Maceda
	Paderne de Allariz
	Xunqueira de Ambía
	Xunqueira de Espadanedo
O Carballiño	Beariz
	Boborás
	Carballiño, O
	Irixo, O
	Maside
	Piñor
	Punxín
	San Amaro
	San Cristovo de Cea

CVE-DOG: oix1c5n6-mrh2-pif7-lh81-usvs69xcawc1



Comarca de emerxencia cinexética	Concellos
A Limia	Baltar
	Blancos, Os
	Calvos de Randín
	Porqueira
	Rairiz de Veiga
	Sandiás
	Sarreaus
	Trasmiras
	Vilar de Barrio
	Vilar de Santos
	Xinzo de Limia
Ourense	Amoeiro
	Barbadás
	Coles
	Esgos
	Nogueira de Ramuín
	Ourense
	Pereiro de Aguiar, O
	Peroxa, A
	San Cibrao das Viñas
	Taboadela
	Toén
	Vilamarín
O Ribeiro	Arnoia, A
	Avión
	Beade
	Carballeda de Avia
	Castrelo de Miño
	Cenlle
	Cortegada
	Leiro
	Melón
	Ribadavia
Terra de Caldelas	Castro Caldelas
	Montederramo
	Parada de Sil
	Teixeira, A



Comarca de emerxencia cinexética	Concellos
Terra de Celanova	Bola, A
	Cartelle
	Celanova
	Gomesende
	Merca, A
	Padrenda
	Pontedeva
	Quintela de Leirado
	Ramirás
	Verea
Terra de Trives	Chandrexa de Queixa
	Manzaneda
	Pobra de Trives, A
	San Xoán de Río
Valdeorras	Barco de Valdeorras, O
	Bolo, O
	Carballeda de Valdeorras
	Larouco
	Petín
	Rúa, A
	Rubiá
	Veiga, A
	Vilamartín de Valdeorras
Verín	Castrelo do Val
	Cualedro
	Laza
	Monterrei
	Oímbra
	Ríós
	Verín
	Vilardevós
Viana	Gudiña, A
	Mezquita, A
	Viana do Bolo
	Vilariño de Conso



ANEXO II

Datos de tecores e zonas libres comprendidos na declaración de emerxencia cinexética

Matrícula	Nome	Réxime cinexético	Comarca de emerxencia
OU-10080	A Gudíña	Especial	Viana
OU-10084	Parada da Serra	Especial	
OU-10182	Pentes e Barxa	Especial	
OU-10224	O Cañizo-Tameirón	Especial	
OU-10078	A Mezquita	Especial	
OU-10079	Vina do Bolo	Especial	
OU-10179	Pixeiros	Especial	
OU-10197	Pradorramisquedo	Especial	
OU-10208	Valdín-Ramilo	Especial	Viana e Valdeorras
OU-20001	Vilariño de Conso	Especial	Viana
OU-10061	Casteloais	Especial	Terra de Trives
OU-10241	Manzaneda	Especial	
OU-10247	Pobra de Trives, A	Especial	
OU-10242	San Xoán de Río	Especial	
OU-10074	Terra de Caldelas	Especial	Terra de Caldelas
OU-10073	Parada do Sil	Especial	
OU-10147	A Teixeira	Especial	
OU-10070	Ríós	Especial	Verín
OU-10093	Castrelo do Val	Especial	
OU-10215	Campobeceros	Especial	
OU-10126	Cualedro	Especial	
OU-10141	Carreiro-Ladrón	Especial	Verín e A Limia
OU-10168	Serra de Larouco	Especial	Verín
OU-10244	Rebordechao	Especial	Verín e A Limia
OU-10220	Fial das Corzas	Especial	Verín
OU-10101	Laza	Especial	Verín e A Limia
OU-10181	Monterrei	Especial	Verín
OU-10256	O Toko	Especial	
OU-10255	O Pousadoiro	Especial	
OU-10076	Vilardevós	Especial	
OU-10148	Santa Águeda-Barbantiño	Especial	Ourense e O Carballiño
OU-10115	Toén	Especial	Ourense
OU-10013	Xungos	Especial	
OU-10039	Luintra-Nogueira de Ramuín	Especial	
OU-10065	San Cibrao-Taboadela	Especial	
OU-10020	Pereiro de Aguiar, O	Especial	
OU-10173	Serra Martiñá	Especial	Ourense, O Carballiño e Chantada



Matrícula	Nome	Réxime cinexético	Comarca de emerxencia
OU-10017	O Furriolo	Especial	Terra de Celanova
OU-10117	Cartelle	Especial	Terra de Celanova, O Ribeiro e Ourense
OU-10130	A Serra	Especial	Terra de Celanova
OU-10140	A Merca	Especial	
OU-10072	Quintela de Leirado	Especial	
OU-10131	Cortegada	Especial	Terra de Celanova e O Ribeiro
OU-10112	Padrenda	Especial	Terra de Celanova
OU-10011	Bande e O Castelo	Especial	Terra de Celanova e A Limia
OU-10014	Verea	Especial	Terra de Celanova
OU-10211	A Goberna-Regueiro	Especial	O Carballiño e O Deza
OU-10105	San Trocado e Cidade	Especial	O Carballiño e Ourense
OU-10214	Boborás	Especial	O Carballiño
OU-10016	Corneda	Especial	
OU-10029	Pena Maior	Especial	
OU-10038	O Irixo	Especial	
OU-10174	Oseira	Especial	
OU-10034	San Cristovo de Cea	Especial	
OU-10202	Corneira de Avia	Especial	O Ribeiro
OU-10114	Arnoia	Especial	
OU-10160	Santa Bárbara	Especial	
OU-10184	Leiro	Especial	
OU-10100	Melón	Especial	
OU-10094	Allariz-Penama	Especial	Allariz-Maceda
OU-10056	Baños de Molgas	Especial	
OU-10083	Xunqueira de Ambía	Especial	
OU-10013	Xungos	Especial	
OU-10055	Maceda	Especial	
OU-10250	Serra de San Mamed	Especial	
OU-10024	Paderne de Allariz	Especial	



Matrícula	Nome	Réxime cinexético	Comarca de emerxencia
OU-10128	Santigoso	Especial	Valdeorras
OU-10232	Xagoaza	Especial	
OU-10225	O Bolo-Xigua	Especial	
OU-10143	O Corzo	Especial	
OU-10159	O Cabalín	Especial	
OU-10163	San Cosme	Especial	
OU-10203	Pena Trevinca	Especial	
OU-10248	Larouco	Especial	
OU-10234	Perla do Sil	Especial	
OU-10239	A Rúa	Especial	
OU-10109	Rubiá	Especial	
OU-10251	Matacabrita	Especial	
OU-10157	Ponte	Especial	
OU-10217	Xares	Especial	
OU-10226	Vilanova	Especial	
OU-10245	Seoane	Especial	
OU-10246	Mazagará	Especial	
OU-10249	A Veiga	Especial	
OU-10077	Vilamartín de Valdeorras	Especial	
OU-10254	San Vicente	Especial	
OU-10110	Baltar	Especial	A Limia
OU-10132	Os Blancos	Especial	
OU-10162	San Xoán de Randín	Especial	
OU-10222	A Perdiz	Especial	
OU-10028	Calvos de Randín	Especial	
OU-10075	Alto Limia	Especial	
OU-10082	Xinzo de Limia	Especial	
OU-10150	Porqueira	Especial	
OU-10048	Rairiz de Veiga	Especial	
OU-10090	Sandiás	Especial	
OU-10098	Trasmiras	Especial	
OU-10153	Vilar de Barrio	Especial	
OU-10253	Rebordechao dos Corzos	Especial	



Zonas libres de caza			
Código identificador	Concellos	Réxime cinexético	Comarca de emerxencia
OU-10	A Merca e Cartelle	Común	Terra de Celanova
OU-11	Celanova	Común	Terra de Celanova
OU-14	Verea	Común	Terra de Celanova
OU-04	Verín, Oímbra e Monterrei	Común	Verín
OU-17	Beade, Ribadavia, Cortegada e Gome sende	Común	O Ribeiro e Terra de Celanova
OU-07	Ourense, Barbadás, Pereiro de Aguiar, O, Coles, Nogueira de Ramuín, Punxín, Cenlle, Castrelo de Miño e Vilamarín	Común	Ourense, O Carballiño e O Ribeiro
OU-08	San Cibrao das Viñas	Común	Ourense
OU-13	Castrelo de Miño e Cenlle	Común	O Ribeiro
OU-18	Pontedeva e Cortegada	Común	Terra de Celanova e O Ribeiro
OU-19	Padrenda	Común	Terra de Celanova
OU-09	San Cristovo de Cea	Común	O Carballiño
OU-12	O Carballiño e Boborás	Común	O Carballiño
OU-16	Boborás	Común	O Carballiño
OU-01	O Barco de Valdeorras	Común	Valdeorras
OU-02	Carballeda de Valdeorras	Común	
OU-03	A Veiga	Común	
OU-15	Rairiz de Veiga	Común	A Limia

